



| Guía Docente | | | |
|-----------------------|--|--------------------|--|
| Datos Identificativos | | | 2022/23 |
| Asignatura (*) | Filosofía do Dereito | Código | 612G01026 |
| Titulación | | | |
| Descriptores | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo |
| 1º e 2º Ciclo | 2º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria |
| Idioma | CastelánGalegoInglés | | |
| Modalidade docente | Presencial | | |
| Prerrequisitos | | | |
| Departamento | Dereito Privado | | |
| Coordinación | Serna Bermudez, Pedro | Correo electrónico | pedro.serna@udc.es |
| Profesorado | Crego Blanco, Jorge Rivas Pala, Pedro Seoane Rodríguez, Jose Antonio Serna Bermudez, Pedro | Correo electrónico | jorge.crego@udc.es pedro.rivas@udc.es jose.antonio.seoane@udc.es pedro.serna@udc.es |
| Web | | | |
| Descripción xeral | A materia tenta proporcionar unha comprensión global do fenómeno xurídico mediante a revisión crítica das bases históricas, políticas e científicas da paradigma dominante no Dereito contemporáneo. Así mesmo, preténdese poñer ao alcance dos estudiantes unha comprensión más profunda dalgunhas nocións, institucións, procesos e estruturas centrais estudiados ao longo da carreira, unificando e sintetizando eses coñecementos. Por tanto, aspirase a levar a cabo un traballo de síntese e de afondamento, tanto histórico como conceptual. Ademais, preténdese introducir aos estudiantes no coñecemento e a comprensión das transformacións que afectan ao dereito actual e que obrigan a revisar o paradigma dominante (o positivismo xurídico) e, finalmente, suxerir as liñas básicas dunha filosofía xurídica que permita unha comprensión más axustada do Dereito do momento presente. | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--|--|---|
| Resultados de aprendizaxe | | | Competencias / Resultados do título |
| Adquirir unha visión global do Dereito occidental na Modernidade, das profundas transformacións experimentadas polos sistemas xurídicos contemporáneos, así como dos principais debates actuais sobre á contorna política do Dereito. | | | A2 B9 C4 A3 B1 C6 A4 B2 C7 A6 B3 C8 A10 B5 C9 A12 B6 C10 |
| Desenvolver instrumentos conceptuais e metodológicos para a crítica da concepción xeral do Dereito recibida de modo implícito ao longo de toda a carreira. | | | A2 B6 C4 A5 B8 C6 A6 B11 C8 A8 B1 C9 A11 B2 C10 A14 B3 C11 |
| Desenvolver con sentido crítico e de modo creativo a capacidade de argumentación xurídica e ético-política | | | A4 B8 C1 A8 C4 A10 C6 A11 C12 A12 C13 |



| | | | |
|---|------------------------------------|-----------------------|----------------------------|
| Coñecer as principais correntes do pensamento filosófico-xurídico sobre a xustiza na súa relación co Dereito, e desenvolver un punto de vista crítico persoal sobre a súa aplicación a debates actuais. | A2 A4 A6 A8 A10 A12 | B6 B8 B11 B2 | C1 C4 C6 C7 C8 |
|---|------------------------------------|-----------------------|----------------------------|

| Contidos | | |
|--|---|--|
| Temas | Subtemas | |
| 1. A Filosofía do Dereito como comprensión e como crítica do Dereito contemporáneo. | 1. A Filosofía do Dereito como saber histórico. 2. Pensar o propio tempo, tarefa da Filosofía do Dereito. 3. Por onde comezar? O problema do punto de partida. O paradigma dominante como punto de partida: a Modernidade (cultural, política e xurídica) e o positivismo xurídico. | |
| 2. Modernidade xurídica e positivismo xurídico. | 1. O positivismo xurídico: aproximación descriptiva. 2. As bases teóricas e ideolóxicas do Estado moderno. 3. As transformacións do Dereito a partir da Codificación. 4. A aspiración a facer do Dereito unha ciencia: a ciencia xurídica nos séculos XIX e XX. | |
| 3. As deficiencias da paradigma positivista. | 1. A unilateralidade do concepto positivista de Dereito. 2. As dificultades do positivismo para explicar a práctica xurídica e para proporcionar instrumentos que permitan operar nela. 3. O carácter ideolóxico do cientificismo e a índole necesariamente valorativa da actividade xurídica. | |
| 4. O Dereito actual: evolución dos sistemas xurídicos occidentais desde a segunda metade do século XX e comezos do XXI | 1. Constitucionalización dos sistemas xurídicos. 2. Superación do marco do Estado e da ecuación Estado-Dereito. 3. O debate sobre as fontes da lexitimidade: ¿democracia vs. rule of Law ou Estado de Dereito? 4. ¿Novos dereitos humanos fronte a dereitos humanos clásicos? | |
| 5. Intentos de canalizar a dimensión argumentativa e deliberativa do Dereito. | 1. Algunhas teorías da argumentación. Aportacións e límites. | |
| 6. Bases para a construcción dunha filosofía xurídica capaz de dar conta do Dereito actual. | 1. Unha perspectiva hermenéutica fundada ontologicamente. 2. O Dereito como forma de coexistencia. | |
| 7. As teorías da xustiza e as súas proxeccións nos debates contemporáneos | 1. As matrices históricas: utilitarismo, libertarismo, kantismo e aristotelismo. 2. Mercado e moral. 3. A xustiza política e a ética socialdemócrata contemporánea (Rawls). 4. Argumentos a favor e en contra da discriminación positiva. Feminismo e políticas de xénero. 5. A cuestión dos méritos. 6. Virtude cidadá e as esixencias e límites da lealdade: o que nos debemos uns a outros. 7. Xustiza e ben común. 8. Sustentabilidade. 9. A invasión dos mercados sobre a moral: da subrogación do corpo feminino á compra de honras. 10. A débeda norte-sur e a responsabilidade dos países desenvolvidos. | |

Planificación



| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Sesión maxistral | A2 A3 A4 A5 A6 B6 B3 C4 C6 | 40 | 42 | 82 |
| Lecturas | A2 A4 A5 A6 A10 B8 B1 B2 B5 C7 | 0 | 15 | 15 |
| Seminario | A3 A4 A5 A8 A10 A11 A12 A14 B8 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C8 | 15 | 18 | 33 |
| Proba de ensaio | A2 A6 A10 B8 B3 C1 C4 | 2 | 5 | 7 |
| Proba oral | A2 A3 A5 A6 A8 A10 B8 B9 B2 B3 C1 C6 | 1 | 4 | 5 |
| Atención personalizada | | 8 | 0 | 8 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|------------------|--|
| Metodoloxías | Descripción |
| Sesión maxistral | Terán un carácter introductorio aos principais temas da materia, ou ben de recapitulación. Esta metodoloxía relaciónase coas competencias A4, A6, A8 e A14. |
| Lecturas | O desenvolvemento do pensamento crítico e da aprendizaxe autónoma aconsellan que o estudo estea baseado nunha reflexión directa dos estudiantes a partir da lectura de textos clásicos e contemporáneos, así como textos normativos -lexislativos e xurisprudenciais-, referidos a parte dos contidos temáticos da materia. Esta actividade relaciónase coas competencias A4, A6, A10, B1, B3, B4 e C6. |
| Seminario | Os seminarios celebraranse en grupos reducidos para analizar e debater as cuestións referidas á teoría da xustiza indicadas no tema 7. Esixen participación activa dos estudiantes, quen deberán expor e analizar críticamente os textos e as cuestións obxecto de cada sesión. Serven para desenvolver as habilidades argumentativas, orais e escritas, e un pensamento sistemático, creativo e crítico. Esta metodoloxía relaciónase coas competencias A4, A5, A8, A10, B3, B6, C1, C4 e C6. |
| Proba de ensaio | Esta proba levarase a cabo antes do período de exames, a través do Campus virtual. Con ela preténdese comprobar o nivel de afondamento dos estudiantes nos coñecementos do curso, mediante a súa aplicación a textos e documentos, así como o nivel de adquisición das competencias B3, B8 e C4. |
| Proba oral | Trátase dunha proba que combina proba obxectiva e proba de desenvolvemento. Serán obxecto de avaliación mediante este tipo de proba os contidos de sesións maxistrais, incluíndo as lecturas relacionadas cos contidos dos 6 primeiros temas. Esta actividade relaciónase coas competencias B1, B3, C1 e C6. O profesor responsable da docencia expositiva de cada quenda poderá discrecionalmente combinar esta proba cunha proba escrita de carácter obxectivo, sobre parte da materia, que terá -en caso de ter lugar- carácter liberatorio de materia para quen obteña unha cualificación aprobatoria. Dita cualificación mediará ponderadamente o seu valor coa da proba oral final en función da proporción da materia total sobre a que versase. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|-------------|
| Metodoloxías | Descripción |



| | |
|------------------|---|
| Sesión maxistral | Os estudantes poderán consultar ao profesor as dúbidas ou dificultades que xurdan nas sesións maxistrais, lecturas ou seminarios. |
| Lecturas | Poderán facelo en tutorías individuais ou en sesións de grupo organizadas ao efecto dentro dos horarios de tutorías dos profesores. Tamén existe a posibilidade de resolver dúbidas a través do correo electrónico cando a natureza das mesmas o permita. E tamén existe a posibilidade de levar a cabo tutorías virtuais, individuais ou grupais, a través de Teams. |
| Seminario | |

| Avaliación | | | | |
|-----------------|--|--|---------------|--|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descripción | Cualificación | |
| Proba oral | A2 A3 A5 A6 A8 A10 B8 B9 B2 B3 C1 C6 | A proba empregarase para avaliar a aprendizaxe dos contidos das clases maxistrais e a capacidade de reflexión crítica alcanzada sobre os mesmos. Na parte de proba obxectiva valoraranse especialmente a comprensión dos contidos, a capacidade de identificación precisa das respuestas ás preguntas e a capacidade de responder con precisión conceptual e lingüística, evitando divagacións e ambigüidades. Nas preguntas que esixan reflexión valorarase, xunto ao anterior, a capacidade de síntese, de identificación dos problemas e de reflexión persoal. A corrección na expresión escrita será relevante na avaliação. A porcentaxe asignada a esta proba será compartida proporcionalmente coa proba obxectiva (exame parcial) cando o profesor decida levala a cabo. | 50 | |
| Proba de ensaio | A2 A6 A10 B8 B3 C1 C4 | Terá carácter individual e realizarase nun tempo limitado, antes do inicio do período de exames, pero xa moi avanzado o curso, a través do Campus virtual. Consistirá en aplicar coñecementos e nocións manexadas no curso a textos e/ou documentos que deberán ser analizados e sobre os cales se solicitará unha reflexión orientada do estudiante. Tratarase de mostrar o sentido crítico, a capacidade de reflexión filosófica e a capacidade de argumentación alcanzados ao longo do curso. Na oportunidade de xullo poderase realizar esta proba novamente, pero non será obligatorio facelo, sexa cal for a cualificación obtida anteriormente. Quen non se presente na primeira oportunidade a esta proba e tampouco o faga en xullo, non obterá puntuación algúnhia, pero tampouco será penalizado se logra aprobar sumando as cualificacións obtidas nas outras dúas avaliações da materia (seminarios e proba oral). | 20 | |
| Seminario | A3 A4 A5 A8 A10 A11 A12 A14 B8 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C8 | A avaliação da participación nas sesións de grupo reducido referirse ás exposicións dos estudantes e ás intervencións nos debates posteriores. Nas exposicións poderase obter ata un punto, e valorarase a fluidez expositiva e a capacidade de análise e síntese. En ambas as (exposicións e intervencións) valorarase o dominio dos contidos temáticos, a habilidade argumentativa e a capacidade para contrarargumentar e avaliar de maneira ben fundada os diferentes puntos de vista. Polas intervencións poderanse alcanzar ata 2 puntos. Como se trata dunha avaliação continua, considerarase, en primeiro lugar, a calidad das intervencións e, secundariamente, a frecuencia ou número total das mesmas ao longo do curso. A corrección na expresión oral será relevante na avaliação. Como orientación xeral, non se poderá aprobar a avaliação continua se non se realizan 4 ou 5 intervencións de valor significativo en sesións diferentes do seminario. | 30 | |

Observacións avaliação



Para aprobar a materia é preciso que a suma da cualificación obtida na avaliación de todas actividades availables acade os 5 puntos.

Non se sumarán as cualificacións se non se obtén polo menos unha puntuación de 1.2 puntos (sobre os 3 posibles) nos seminarios; e de 2.5 (sobre os 5 posibles) na proba oral e a súa eventual media coa proba parcial.

No caso dos estudiantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa de asistencia ás aulas que non poidan participar nas sesións de seminarios, a avaliación das competencias correspondentes aos mesmos (30% da cualificación final) levarase a cabo realizando un traballo escrito sobre algúns dos capítulos do libro de M. Sandel empregado para as sesións de seminarios, e mantendo unha conversación oral co profesor encargado do grupo de seminarios correspondente, que versará sobre os restantes capítulos do devandito libro, na que os estudiantes deberán mostrar o seu nivel de afondamento nos contidos do texto e de desenvolvemento dun punto de vista crítico. Esta avaliación alternativa realizarase antes de que dea inicio o período de exames finais, en data e hora acordada co profesor, tendo como límite para a entrega do traballo escrito e para a proba oral o día de inicio de cada período de exames.

A esta modalidade alternativa de avaliación poderán acollerse tamén os estudiantes que non poidan participar nas sesións de seminarios, por causas xustificadas que deberán ser apreciadas polo profesor responsable de cada grupo de seminarios. Para iso, deberán comunicar ao profesor as circunstancias que xustifiquen a excepcionalidade dentro das dúas primeiras semanas lectivas do cuatrimestre. Se se trata de circunstancias sobrevindas, deberán comunicalas en canto ditas circunstancias se produzcan. Os estudiantes que se presenten á segunda oportunidade (xullo) conservarán as cualificacións dos seminarios, se se chegou polo menos á puntuación de 1,2 puntos sobre 3. Os estudiantes que non logren a puntuación de 1,2 na convocatoria de maio-xuño na avaliación dos seminarios deberán acollerse á avaliación alternativa descrita máis arriba na convocatoria ou oportunidade de xullo. Para quen non alcance a puntuación de 1,5 a renuncia á cualificación dos seminarios terá carácter voluntario. Na oportunidade de xullo, a data de entrega dos traballos e de realización da conversación oral será fixada polos profesores. Non poderá ser posterior ao día do exame oficial fixado para a devandita oportunidade.

O plaxio nun traballo ou a copia nunha proba escrita ou oral supoñe un 0 en dita actividade.

Os estudiantes que non superen a materia conservarán a cualificación obtida na parte superada para o curso seguinte, únicamente durante un curso.

Fontes de información

| | |
|---------------------|---|
| Bibliografía básica | <p>- Pedro Serna (2006). Filosofía del Derecho y paradigmas epistemológicos. México, D.F.: Porrúa</p> <p>- Michael J. Sandel (2010). Justice: What's the Right Thing to Do?. London: Penguin</p> <p>PARTE TEÓRICA (Sesións maxistrais) Pedro Serna, Filosofía del Derecho y paradigmas epistemológicos, México, D.F.: Porrúa, 2006.</p> <p>PARTE PRÁCTICA (Seminarios e sesións de grupo reducido) Michael J. Sandel, Justicia ¿Hacemos lo que debemos? (2009), traducción de Juan Pedro Campos Gómez, Barcelona, Debate, 2011.</p> <p>P. Mercado, ?Derechos insostenibles?, en J. A Estévez Araújo (ed.), El libro de los deberes, Madrid, Trotta, 2013.</p> <p>M. Balaguer, ?La maternidad subrogada y el cuerpo de la mujer?, en M. Balaguer, Hij@s del mercado. La maternidad subrogada en un estado social, Madrid, Cátedra, 2017.</p> <p>L. Peña, ?La deuda histórica del norte con el sur del planeta?, en L. Peña, Estudios republicanos, Madrid, Plaza y Valdés, 2009.</p> <p>M. Sandel, ?De qué manera los mercados desplazan a la moral?, en M. Sandel, Lo que el dinero no puede comprar. Los límites morales de los mercados, Barcelona, Debate, 2018.</p> <p>P. De Lora, El laberinto del género. Sexo, identidad y feminismo, Madrid, Alianza, 2021.</p> |
|---------------------|---|



| | |
|-----------------------------|--|
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none">- Robert Alexy (2009). <i>A Theory of Legal Argumentation. The Theory of Rational Discourse as Theory of Legal Justification.</i> Oxford: Oxford University Press- John Finnis (2011). <i>Natural Law and Natural Rights.</i> Oxford: Clarendon Law Series- H.L.A. Hart (2012). <i>The Concept of Law.</i> Oxford: Clarendon Law Series- Hans Kelsen (2009). <i>Pure Theory of Law.</i> New Jersey: The Lawbook Exchange- Karl Olivecrona (1971). <i>Law as Fact.</i> London: Sweet & Maxwell- Chaim Perelman (1979). <i>The new rhetoric and the humanities: Essays on rhetoric and its applications.</i> Dordrecht: Springer- John Rawls (1999). <i>A Theory of Justice.</i> Cambridge: Harvard University Press- Robert Nozick (2013). <i>Anarchy, State, and Utopia.</i> New York: Basic Books- Aulis Aarnio (1987). <i>The Rational as Reasonable. A Treatise on Legal Justification.</i> Dordrecht <p>N. Bobbio, <i>El positivismo jurídico</i>, trad. de R. de Asís, Madrid, Debate, 1993. K. Larenz, <i>Metodología de la ciencia del derecho</i>, trad. de M. Rodríguez Molinero, Barcelona, Ariel, 1994. L. Lombardi Vallauri, <i>Corso de Filosofía del Diritto</i>, Padova, Cedam, 1982. A. Ollero, <i>¿Tiene razón el Derecho?</i>, Madrid, Congreso de los Diputados, 1996. P. Serna (dir.), <i>De la argumentación jurídica a la hermenéutica Revisión crítica de algunas teorías contemporáneas</i>, segunda edición, Granada, Comares, 2005 (reimp. 2009). Ch. Perelman, <i>La lógica jurídica y la nueva retórica</i>, Madrid, Civitas, 1979. A. Aarnio, <i>Lo racional como razonable</i>, Madrid, CEC, 1991. R. Alexy, <i>Teoría de la argumentación jurídica</i>, Madrid, CEC, 1989. R. Alexy, <i>La institucionalización de la justicia</i>, edición y presentación a cargo de J. A. Seoane, traducción de J. A. Seoane, E. R. Sodero y P. Rodríguez, Granada, Comares, 2ª ed., 2010. <i>Obras clásicas de referencia</i> Karl Olivecrona, <i>El Derecho como hecho</i>, 2ª ed., Barcelona, Labor. Gustav Radbruch, <i>Introducción a la Filosofía del Derecho</i>, México, FCE. Hans Kelsen, <i>Teoría pura del Derecho</i>, 2ª ed., México, UNAM. H. L. A. Hart, <i>El concepto de Derecho</i>, Buenos Aires, Abeledo-Perrot. John Finnis, <i>Ley natural y derechos naturales</i>, Buenos Aires, Abeledo-Perrot. John Rawls, <i>Teoría de la justicia</i>, México, FCE. Robert Nozick, <i>Anarquía, Estado y utopía</i>, México, FCE.</p> |
|-----------------------------|--|

| Recomendacions |
|--|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| España na configuración histórico-xurídica de Europa/612G01002 |
| Dereito Constitucional: Fontes e Dereitos/612G01003 |
| Teoría do Dereito/612G01006 |
| Dereito da persoa/612G01007 |
| Dereito Penal. Parte xeral/612G01010 |
| Dereito de obrigas e danos/612G01016 |
| Dereito Internacional Público/612G01019 |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| Materias que continúan o temario |
| Dereito e biomedicina/612G01040 |
| Teoría e práctica da argumentación xurídica/612G01041 |
| Observacions |

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías